



XUNTA DE GOBERNO

**SESION EXTRAORDINARIA URXENTE DE VINTE E SEIS DE DECEMBRO DE
DOUS MIL DEZAOITO
(ACTA NÚMERO 53)**

Presidente:

D. Darío Campos Conde

Sres. Deputados:

D. Argelio Fernández Queipo

D. Álvaro Santos Ramos

D. Pablo Rivera Capón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Lino Rodríguez Onega

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Eduardo Vidal Baamonde

D^a. Sonsoles López Izquierdo

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Gloria Baamonde Tomé

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as quince horas e corenta e cinco minutos do día **vinde e seis de decembro de dous mil dezaeito**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde, reúnense os Sres. Deputados á marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión extraordinaria urxente convocada para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste como Interventora D^a. Gloria Baamonde Tomé, Xefa do Servizo de Fiscalización.

1.- RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DO CARÁCTER URXENTE DA PRESENTE CONVOCATORIA.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Xustificación da tramitación por urxencia da aprobación do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais.

O documento do Convenio foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia en data 20 de decembro de 2018.

O documento aprobado polo Consello da Xunta foi remitido ao Servizo de Contratación e Fomento, por correo electrónico o día 22 de decembro.

O documento leva data de 26 de decembro de 2018, e para que sexa tramitado polos concellos que se adhiran ao sistema e poida ter eficacia o día 1 de xaneiro de 2019, resulta necesario que sexa subscrito nesta mesma data como fan os presidentes das outras Deputacións.

A emisión dos informe necesarios para aprobación por parte da Xunta de Goberno e a posterior sinatura do convenio xustifican a convocatoria dunha Xunta de Goberno extraordinaria e urxente”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita, e ratificar o carácter urxente da sesión.

2.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E AS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS, PARA A CREACIÓN E IMPLANTACIÓN DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS “GES”.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

Visto o informe xurídico, do seguinte tenor literal:

“Informe do Servizo de Contratación e Fomento

Asunto: Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincial e as Deputacións Provinciais, para a creación e implantación dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais “GES”:

Antecedentes de feito:

Tendo en conta que os incendios forestais son unha ameaza que afecta hoxe en día, de xeito xeral, non só ao patrimonio forestal público e privado (tanto montes de particulares, montes veciñais en man común e montes de varas), senón tamén aos recursos naturais e ao mantemento e desenvolvemento da actividade humana no medio rural e que todos os concellos de Galicia, están declarados de alto ou medio risco de incendio.

Considerando que os GES complementan a atención das emerxencias e extinción e prevención de incendios forestais, xunto cos parques de bombeiros municipais e comarcais, de forma que cobren zonas desprovistas de servizos de emerxencia, cun ámbito de actuación superior ao municipal.

A Deputación Provincial de Lugo, veu colaborando dende o 20 de maio de 2013 coa Xunta de Galicia, a FEGAMP, as Deputacións Provinciais de A Coruña, Ourense e Pontevedra, e diversos Concellos da Provincia de Lugo co obxecto de desenvolver os Grupos de Emerxencias

Supramunicipais (GES), como grupos operativos en emerxencias de ámbito supramunicipal, para completar o mapa de emerxencias de Galicia.

A Deputación de Lugo asinou convenios con distintos Concellos da Provincia, sedes territoriais dos GES, para financiar un 20% a maiores do custe inicialmente previsto e que debían asumir os Concellos sedes: Así na data do 11 de agosto de 2016, formalízase convenio de colaboración cos concellos de Becerreá, Cervo, Guitiriz, Monterroso, A Pontenova, Quiroga e Folgoso do Courel.

A comisión de seguimento do convenio vixente - que expira o día 31 de decembro de 2018 aprobou o día 29 de novembro de 2018, entre outros particulares, as porcentaxes de financiamento dos GES no novo período 2019-2021 e as funcións dos GES para o novo período 2019-2021, tal e como consta no borrador de acta desa sesión facilitada a esta administración e incorporada ao atado.

Os GES viñeron funcionando desde a sinatura daquel convenio, asinado no 2013, con posteriores addendas de modificación que agora finaliza. Houbo, en concreto algunhas modificacións en canto ao Concello sede, como sucede coa sede de Fonsagrada que pasa a Baleira (GES identificado como zona de Baleira e sede en Baleira. Tamén se incorpora ao expediente o acordo adoptado polo Concello Pleno de Guitiriz en sesión de 29-11-2018, acordo plenario no que renuncia a seguir sendo sede.

Por esta razón no convenio remitido para aprobación e sinatura por parte da Xunta de Galicia que abarca o período de 2019 a 2021, na zona Terra Cha-Lugo, a sede aparece sen definir.

O Consello da Xunta de Galicia, segundo a referencia dispoñible en internet, na sesión de 20 de decembro de 2018, aprobou este convenio de colaboración no que participan a administración autonómica, as deputacións provinciais, a FEGAMP e a que se deben adherir os Concellos sedes.

Ante canto antecede, procede a xuízo do que subscribe iniciar os trámites para a aprobación dun novo convenio de colaboración, atendendo aos seguintes:

Fundamentos xurídico-administrativos.

O artigo 86 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sinalaba que as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico.

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por convinte, sempre que non sexan contrarios ó intereses público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades.

En canto aos requisitos de validez e eficacia do convenio, o artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público, recolle que: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

O artigo 49 da mesma lei, recolle que os mencionados convenios deberán incluír, ao menos, as seguintes materias:

a) Suxeitos que subscriben o convenio e capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

b) Competencia en que se fundamenta a actuación da Administración pública, dos organismos públicos e das entidades de dereito público vinculados ou dependentes dela ou das universidades públicas.

c) Obxecto do convenio e actuacións que realizará cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, se for o caso, a titularidade dos resultados obtidos.

d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houber, con indicación da súa distribución temporal por anualidades e da súa imputación concreta ao orzamento correspondente de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.

e) Consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes e, se for o caso, criterios para determinar a posible indemnización polo incumprimento.

f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan suscitar respecto dos convenios.

g) Réxime de modificación do convenio. Na falta de regulación expresa, a modificación do contido do convenio requirirá acordo unánime dos asinantes.

h) Prazo de vixencia do convenio tendo en conta as seguintes regras:

1.º Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que normativamente se prevexa un prazo superior.

2.º En calquera momento antes da finalización do prazo previsto no ordinal anterior, os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción. No caso de convenios subscritos pola Administración xeral do Estado ou algún dos seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes, esta prórroga deberá ser comunicada ao Rexistro Electrónico Estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación a que se refire a disposición adicional sétima.

A relación de cooperación entre as Deputacións, a Xunta de Galicia e os Concellos, configúrase como un aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, con cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lai 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Cabe destacar que esta acción colaborativa, de carácter relacional sen personificacións, ten cada vez máis predicamento, respecto da cooperación mediante personificacións. A propia Lei de bases de réxime local (Lei 7/1985, de 2 de abril) no art. 57.3 amosa dar preferencia as relacións vía convenio, respecto da constitución de consorcios. Circunstancia que resulta coherente coa senda de sostibilidade financeira e eficiencia no gasto, que está presente tanto na modificación do réxime local (a Lei 27/2013, 27 decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local), como na nova Lei de réxime xurídico do sector público:

Así o Art. 57.3 LBRL.

“La constitución de un consorcio solo podrá tener lugar cuando la cooperación no pueda formalizarse a través de un convenio y siempre que, en términos de eficiencia económica, aquella permita una asignación más eficiente de los recursos económicos. En todo caso, habrá de

verificarse que la constitución del consorcio no pondrá en riesgo la sostenibilidad financiera del conjunto de la Hacienda de la Entidad Local de que se trate, así como del propio consorcio, que no podrá demandar más recursos de los inicialmente previstos.”

A Lei 40/2015, do 1 de outubro, adica un Título o III, as relacións interadministrativas, ocupándose o capítulo II dese título ás relacións de cooperación e o capítulo III, ás de cooperación, citando entre as técnicas de cooperación “a prestación de medios materiais, económicos ou persoais a outras Administracións Públicas” (letra d/ art 144.1 LRXSP).

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015 , establécense estas determinacións:

Art 143. 1 “As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio.

Art. 143. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...).

Art. 144. 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben.

Art. 144. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alende o concreto reparto

competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” – LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“ 1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

*3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril
(...)*

*6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos;
(...)”*

En canto á colaboración coa FEGAMP, o apartado 3 da disposición adicional quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), dispón que as asociacións de entidades locais, de ámbito estatal ou autonómico, no marco propio das súas funcións poderán celebrar convenios coas Administracións Públicas.

A nivel autonómico a disposición transitoria terceira da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia establece que a Federación Galega de Municipios e Provincias, recoñecida polas Entidades locais como a entidade asociativa máis representativa e maioritaria, terá as facultades establecidas na presente Lei e as derivadas da súa representatividade.

Os Estatutos da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), aprobados en Asemblea ordinaria, de data 4 de decembro de 2003, establecen no seu artigo 8 que en exercicio das atribucións que ten conferidas a FEGAMP gozará de plena capacidade para subscribir convenios.

Títulos xurídicos para a Intervención da Deputación nesta acción colaborativa relacional:

a) LBRL: Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 da LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

b) Lei de administración Local de Galicia (Lei 5/1997, do 22 de xullo): No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

c) Lexislación sectorial e nomeadamente a Lei de emerxencias de Galicia, invocada tamén nos seguintes apartados.

Intervención dos Concellos:

En canto aos Concellos, o artigo 25.2,f da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local dispón que o municipio exercerá en todo caso como

competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de “policía local, protección civil, prevención y extinción de incendios”

E segundo o seu artigo 26.1 e), nos municipios con poboación superior a 20.000 habitantes (deberán prestar) ademais: protección civil (...), prevención e extinción de incendios (...)

O artigo 80.2, da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, dispón que o municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma nas seguintes materias:

a) A seguridade en lugares públicos, b) A ordenación de tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas, e) A protección civil e a prevención e extinción de incendios.

A lexislación sectorial, nomeadamente a Lei de emerxencias de Galicia (lei 5/2007, de 7 de maio) no seu artigo 10, letra e), dispón que corresponde aos municipios e entidades locais supralocais, no seu caso, a prestación dos servizos de protección civil e a actuación inicial ante calquera situación de emerxencia que se detecte, coas previsións do artigo 333.1 da Lei de Administración Local de Galicia (sobre dotación de recursos financeiros aos Concellos para o cumprimento dos fins confiados).

En relación coas provincias, o seu artigo 26, apartado e) da sinalada Lei Galega de Emerxencias, sinala que corresponden aos seus órganos de goberno garantir a prestación do servizo de protección civil e xestión de emerxencias, incluídos os servizos contra incendios e salvamento, naqueles concellos que non contan con servizos propios, por non resultar obrigados ou ter obtido dispensa dos mesmos.

En canto aos concellos, no artigo 27 da Lei de emerxencias, establécese que sen prexuízo da competencia xeral en materia de protección civil e xestión de emerxencias que o artigo 10, atribúe a todos os municipios, corresponden aos concellos de máis de 20.000 habitantes, entre outras, crear o servizo municipal de protección civil e xestión de emerxencias, e crear os servizos de prevención, extinción de incendios e salvamento.

En todo caso e consonte ao parágrafo 2º dese artigo 27 da Lei de emerxencias de Galicia “ La persona titular de la alcaldía es la autoridad municipal superior de protección civil y gestión de emergencias.”

No convenio analizado e para a Provincia de Lugo, os Concellos non acadan a cifra de 20.000 habitantes, pero teñen obrigas en protección civil e xestión de emerxencias, de ahí o carácter supramunicipal dos GES e o deseño desta acción colaborativa.

Esta determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 de marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL de modo que as competencias das entidades locais poden establecerse pola lexislación básica de réxime local, as normas autonómicas sobre réxime local e tamén polas normas sectoriais tanto estatais como autonómicas; entre estas últimas claramente a Lexislación de emerxencias de Galicia.

En consecuencia e por aplicación da amalgama de normativa relacionada, a materia obxecto desta addenda, pode considerarse que entra no abano de competencias e fins da Deputación Provincial. A Deputación ten o título competencial de actuar en asistencia e cooperación dos Concellos (art. 36 LBRL). Esta cooperación debe basearse na aceptación de quen a recibe, de ahí a intervención dos Concellos vía acordo de adhesión voluntaria (anexo IX ao convenio).

En canto ao contido e tramitación, compre indicar o seguinte:

9.1.- Contido:

a) Certamente o contido non segue a orde formal establecida no art. 49 da LRXSP pero en xeral recolle os distintos apartados dese precepto. En canto a modificación do convenio precisar que non se atopa unha cláusula singular se ben si se prevé unha sobre “ vixencia” a 16ª) , indicando que o convenio remata o 31 de decembro de 2021. Ao termo de

cada anualidade (31 de decembro) calquera das partes pode denunciar o convenio, entendemos que para apartarse do mesmo cunha antelación de un mes.

En calquera caso o propio artigo 49 da LRXPAC salva a imprevisión dunha cláusula expresa de modificación (letra g): “ El régimen de modificación del convenio. A falta de regulación expresa la modificación del contenido del convenio requerirá acuerdo unánime de los firmantes.”

b) Respecto das consecuencias aplicables en caso de incumplimento das obrigas e compromisos asumidos polas partes e, no seu caso, os criterios para determinar a posible indemnización por incumplimento, así como a extinción do convenio que tampouco se observa no texto remitido, cabe acudir aos artigos 51 e 52 da propia LRXPAC para encher esa lagoa e salvar esa eventual indeterminación.

c) No que atinxe a denominación de convenio de colaboración, tal vez atope a súa razón de ser na intervención da FEGAMP que non ten a consideración de administración pública a efectos de denominarse como convenio interadministrativo. A Fegamp sí é sector público e mesmo poder adxudicador se temos en conta o previsto no artigo 3º da LCSP ao ser unha asociación constituída polas administracións locais de Galicia.

9.2.- Respecto da Tramitación, especialmente desde a perspectiva económica, precisar que a cláusula décima prevé que se tramite como expediente de gasto anticipado, posto que a súa execución comeza no ano 2019, de modo que a súa eficacia quedará condicionada a que exista crédito nos orzamentos da Deputación de Lugo para os anos 2019, 2020 e 2021 e non solo da Xunta de Galicia, como indica esa cláusula décima que desde logo debe matizarse nos respectivo acordo de aprobación do convenio nos termos indicados. Cabe destacar que na cláusula oitava 6ª o convenio precisa que o financiamento se debe prorratear segundo a data de sinatura. Haberá que entender segundo a data na que sexa real a prestación dos servizos: destacamos que na zona da Terra Cha-Lugo, non existe Concello sede determinado e o Concello de Guitiriz, renunciou por acordo plenario a continuar sendo sede. Neste senso cómpre precisar que se trasladou á Deputación acordo do Concello-Pleno tomado en sesión de 29-11-

2018 (incorporado ao expediente) e no que entre outras consideracións precisa (.....) que non asina o novo Convenio ” debido a que o propio GES ten carácter supramunicipal, polo tanto despois de 6 anos sendo concello sede, debese dar a oportunidade a outro concello incluído no ámbito de actuación e cobertura da zona da Terra Cha – Lugo a que asuma dita función” (...)

Indicar tamén que as contías se aboan directamente pola Deputación aos Concellos sedes, con tres prazos: 50% a sinatura do convenio; 25% no mes de setembro e 25% restante no momento final da xustificación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...).” Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo parágrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...); cando menos no que fai referencia as administracións públicas que interveñen. En canto a Caixa Rural Galega e a Confederación de Empresarios de Lugo, debe aplicarse o artigo 6.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público: “Estarán tamén excluídos do ámbito da presente Lei os convenios que celebren as entidades do sector público con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado, sempre que o seu contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais”. O convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese

público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

(...)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de relación de cooperación entre varias administracións públicas e unha entidade pertencente ao sector público (FEGAMP), con aportación ao fin común, a cooperación e/ou colaboración comprometida non ten natureza contractual, isto é, no obxecto e fins dos contratos regulados na Lei 9/2017, de 8 de novembro (art. 6.2); xa que logo non se constata onerosidade e connotación de prestacións, nos termos do art. 2.1 da LCSP, senón actuación para acadar un fin xeral compartido-común-coherente e compatible coas finalidades e obxectivos peculiares de cada unha das partes que interveñen no convenio. E mesmo que as entidades que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. Pode terse en conta na CCAA de Galicia, o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

A documentación a aportar por parte dos concellos sede co obxecto de xustificar a achega recibida concretarase por Resolución de Presidencia, se ben dita xustificación inspirarase na que se viña utilizando en anos anteriores para o mesmo fin, coa salvidade das matizacións derivadas da incorporación da financiación de gastos correntes. A tales efectos enviarase aos Concellos Sede unha circular na que se recollan ditas concrecións.

Os GES dependerán tanto xurídica como orgánicamente do ente local polo que foron contratados, e en ningún caso os seus integrantes terán vínculo laboral coa Deputación de Lugo.

En canto ao órgano competente sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento aplicable consonte ao sinalado na Circular da Secretaria Xeral de 2 de novembro como consecuencia do acordo plenario de conversión en acordo provisorio aos efectos do Art. 49 da LBRL, en canto ao que se publicara no BOP de 26 de xullo de 2018: En consecuencia trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno da Deputación, por canto o importe do convenio ten unha contía superior á dos contratos menores (art. 59.8 ROD), unha duración de tres anos (non supera os catro anos) e un achega desta administración inferior aos seis millóns de euros.

Observacións sobre erros detectados. Nalgún dos documentos anexos aparece como sede do GES Terra Chá - Lugo Guitiriz; ao tempo que no Anexo I sobre sede, ámbito de actuación e cobertura a nivel provincial dos GES aparece para a zona Terra Chá - Lugo, sede por definir. Atendendo a que o Concello de Guitiriz presentou certificación de acordo plenario renunciando a seguir sendo sede, debe instarse ás demais partes do convenio a que rectifiquen as referencias á sede do GES Terra Chá - Lugo en Guitiriz.

En atención a canto antecede, e tendo en conta que a proposta de convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, o funcionario que asina entende que procede que pola Xunta de Goberno se proceda a aprobar o convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións provinciais, para a creación e implantación dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais “GES”

Tal é o que se informa sobre este particular, con somentemento a calquera outro criterio mellor fundado”

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, proponho que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:



1º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias, e as Deputacións Provinciais, en materia de emerxencias, prevención e defensa contra incendios forestais, para a creación e implantación dos grupos de emerxencias supramunicipais “GES”, cunha aportación por parte da Deputación Provincial de Lugo que ascende a 2.352.000,00 euros, atendendo ao seguinte desglose:

Anualidade 2019

ZONA E SEDE.	Nº COM POÑENTES GES	CM Rural (Fondos propios)	DXAL	DEPUTACIÓN GASTOS DE PERSOAL	DEPUTACIÓN GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	CONCELLO	CUSTO TOTAL
Zona: Ancares, Lugo e Sarria. Sede: Becerreá	12	123.491,30 €	15.750,00 €	100.000,00 €	12.000,00 €	21.000,00 €	272.241,38 €
Zona : Mariña central e Occidental: Sede: Cervo	12	123.491,30 €	15.750,00 €	100.000,00 €	12.000,00 €	21.000,00 €	272.241,38 €
Zona: Baleira. Sede: Baleira	12	123.491,30 €	15.750,00 €	100.000,00 €	12.000,00 €	21.000,00 €	272.241,38 €
Zona: Terra Cha- Lugo. Sede: por determinar.	12	123.491,30 €	15.750,00 €	100.000,00 €	12.000,00 €	21.000,00 €	272.241,38 €
Zona : Ulloa, Lugo e Chantada. Sede: Monterroso	12	123.491,30 €	15.750,00 €	100.000,00 €	12.000,00 €	21.000,00 €	272.241,38 €
Zona: Mariña Central e Oriental. Sede: Pontenova (A)	12	123.491,30 €	15.750,00 €	100.000,00 €	12.000,00 €	21.000,00 €	272.241,38 €
Zona: Quiroga e Terras de Lemos_ Sede: Quiroga/Folgoso. Subsede: Quiroga	6	61.745,69 €	7.875,00 €	50.000,00 €	6.000,00 €	10.500,00 €	136.120,69 €
Zona: Quiroga e Terras de Lemos_ Sede: Quiroga/Folgoso. Subsede: Folgoso do Courel	6	61.745,69 €	7.875,00 €	50.000,00 €	6.000,00 €	10.500,00 €	136.120,69 €
TOTAL		864.439,18 €	110.250,00 €	700.000,00 €	84.000,00 €	147.000,00 €	1.905.689,66

ANUALIDADE 2020

ZONA E SEDE.	Nº COMPOÑENTES GES	CM Rural (Fondos proprios)	DXAL	DEPUTACIÓN GASTOS DE PERSOAL	DEPUTACIÓN GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	CONCELLO	CUSTO TOTAL
Zona: Ancares Lugo e Sarria. Sede: Becerreá	12	123.491,30 €	15.750,00 €	100.000,00 €	12.000,00 €	21.000,00 €	272.241,38 €
Zona : Mariña central e Occidental: Sede: Cervo	12	123.491,30 €	15.750,00 €	100.000,00 €	12.000,00 €	21.000,00 €	272.241,38 €
Zona: Baleira. Sede: Baleira	12	123.491,30 €	15.750,00 €	100.000,00 €	12.000,00 €	21.000,00 €	272.241,38 €
Zona: Terra Cha-Lugo. Sede: por determinar.	12	123.491,30 €	15.750,00 €	100.000,00 €	12.000,00 €	21.000,00 €	272.241,38 €
Zona : Ulloa, Lugo e Chantada. Sede: Monterroso	12	123.491,30 €	15.750,00 €	100.000,00 €	12.000,00 €	21.000,00 €	272.241,38 €
Zona: Mariña Central e Oriental. Sede: Pontenova (A)	12	123.491,30 €	15.750,00 €	100.000,00 €	12.000,00 €	21.000,00 €	272.241,38 €
Zona: Quiroga e Terras de Lemos Sede: Quiroga/Folgoso. Subsede: Quiroga	6	61.745,69 €	7.875,00 €	50.000,00 €	6.000,00 €	10.500,00 €	136.120,69 €
Zona: Quiroga e Terras de Lemos_ Sede: Quiroga/Folgoso. Subsede: Folgoso do Courel	6	61.745,69 €	7.875,00 €	50.000,00 €	6.000,00 €	10.500,00 €	136.120,69 €
TOTAL		864.439,18 €	110.250,00 €	700.000,00 €	84.000,00€	147.000,00 €	1.905.689,66 €

ANUALIDADE 2021

ZONA E SEDE.	Nº COMPOÑENTES GES	CM Rural (Fondos proprios)	DXAL	DEPUTACIÓN: GASTOS DE PERSOAL	DEPUTACIÓN GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	CONCELLO	CUSTO TOTAL
Zona: Ancares , Lugo e Sarria. Sede: Becerreá	12	123.491,30 €	15.750,00 €	100.000,00 €	12.000,00 €	21.000,00 €	272.241,38 €
Zona : Mariña central e Occidental: Sede: Cervo	12	123.491,30 €	15.750,00 €	100.000,00 €	12.000,00 €	21.000,00 €	272.241,38 €
Zona: Baleira. Sede: Baleira	12	123.491,30 €	15.750,00 €	100.000,00 €	12.000,00 €	21.000,00 €	272.241,38 €
Zona: Terra Cha-Lugo. Sede: por determinar.	12	123.491,30 €	15.750,00 €	100.000,00 €	12.000,00 €	21.000,00 €	272.241,38 €
Zona : Ulloa, Lugo e Chantada. Sede: Monterroso	12	123.491,30 €	15.750,00 €	100.000,00 €	12.000,00 €	21.000,00 €	272.241,38 €
Zona: Mariña Central e Oriental. Sede: Pontenova (A)	12	123.491,30 €	15.750,00 €	100.000,00 €	12.000,00 €	21.000,00 €	272.241,38 €
Zona: Quiroga e Terras de Lemos_ Sede: Quiroga/Folgoso. Subsede: Quiroga	6	61.745,69 €	7.875,00 €	50.000,00 €	6.000,00 €	10.500,00 €	136.120,69 €
Zona: Quiroga e Terras de Lemos_Sede: Quiroga/Folgoso. Subsede: Folgoso do Courel	6	61.745,69 €	7.875,00 €	50.000,00 €	6.000,00 €	10.500,00 €	136.120,69 €
TOTAL		864.439,18 €	110.250,00 €	700.000,00 €	84.000,00€	147.000,00 €	1.905.689,66 €

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica da Deputación Provincial de Lugo por importe de 2.352.000,00 € (IVE engadido). O presente gasto anticipado cumpre o establecido no artigo 117.2 e Disposición Adicional 3ª.2 da LCSP e na base 18 de execución do Orzamento Xeral, e financiarase como segue:

ANUALIDADE	IMPORTE
2019	784.000,00 €
2020	784.000,00 €
2021	784.000,00 €

3º.- A Deputación adquire o compromiso, supeditado ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2020 e 2021 as cantidades indicadas para cada anualidade. Para a anualidade 2019, que está aprobado inicialmente o orzamento polo Pleno, en sesión ordinaria celebrada o día 27 de novembro de 2018, existe crédito por importe de 672.000,00 euros, polo que se adquire o compromiso de tramitar a correspondente modificación de crédito polo importe restante que ascende a 112.000,00 euros.

4º.- A documentación a aportar por parte dos concellos sede co obxecto de xustificar a achega recibida concretarase por Resolución de Presidencia, se ben dita xustificación inspirarase na que se viña utilizando en anos anteriores para o mesmo fin, coa salvidade das matizacións derivadas da incorporación da financiación de gastos correntes. A tales efectos enviarase aos Concellos Sede unha circular na que se recollan ditas concrecións.

5.-Instar ás demais partes participantes no convenio a que sexan rectificadas os documentos anexos que fan referencia á sede do GES Terra Chá - Lugo como Guitiriz, posto que se atopa neste intre sen definir”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as quince horas e cincuenta e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.